

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL

ACTIVIDADES E EVENTOS CULTURAIS EN LUGO

MARZO 2020

PROGRAMA DO 12/03 AO 18/03

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
ACTIVIDADES E EVENTOS
CULTURAIS EN LUGO

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



MARZO 2020
PROGRAMA DO 12/03 AO 18/03

12 XOVES

**MESA REDONDA:
"DISCAPACIDADE E
MATERNIDADE"**

17:00 h. CHARLA

ONDE: CENTRO SOCIAL UXÍO NOVONEYRA
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

"LA INOCENCIA"

19:30 h. CINE

Versión orixinal en catalán con subtítulos en castelán. Adolescencia, soños, amizades, noivado, verán idílico que chega ao seu fin. Novo cine do Mediterráneo.

ONDE: SALÓN DE ACTOS DO PAZO DE SAN MARCOS
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

**INAUGURACIÓN DA
EXPOSICIÓN "ECLIPSE
SIRIA"**

20:00 h. EXPOSICIÓN


ONDE: MUSEO PROVINCIAL
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

"MULLERES NO MUNDO"

20:00 h. EXPOSICIÓN

Inauguración.

ONDE: O VELLO CÁRCERE
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA




"MEDIDA POR MEDIDA"

20:30 h. TEATRO

Obra de William Shakespeare interpretada por Producións Teatrais Excéntricas. Dirección: Quico Cadaval. Intérpretes: Evaristo Calvo, María Costas, Melania Cruz, Víctor Mosqueira, Josito Porto, Santi Romay e Patricia Vázquez.

ONDE: AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE
ENTRADAS: A 6 € E 8 € EN ENTRADASLUGO.ES / BILLETEIRA / OFICINA DE TURISMO
PROMOVE: CONCELLERÍA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA



MARZO 2020
PROGRAMA DO 12/03 AO 18/03

13 VENRES

PRESENTACIÓN DE "RICARDO CARVALHO CALERO. O ANXO DA TERRA"

19:30 h. LIBROS

Asistirá Henrique Rabuñal (autor), Antonio Reigosa (escritor), Margarita Carballo-Calero Ramos (filla do homenaxeado no Día das Letras Galegas) e Maite Ferreiro (Concellera de Cultura do Concello de Lugo).

ONDE: LIBRERÍA TRAMA
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

Henrique Rabuñal
RICARDO CARVALHO CALERO
O anxó da terra



FALADOIRO FEMINISTA: DEREITOS SEXUAIS E RE- PRODUCTIVOS DA MULLER

20:00 h. CHARLA

Marta Busquets, xurista especializada en xénero, abordará os dereitos sexuais e reproductivos das mulleres, a lactancia e a maternidade.


ONDE: O VELLO CÁRCERE
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

"TODAS HIEREN Y UNA MATA"

20:30 h. TEATRO

A compañía "Ay Teatro" interpreta unha obra de cabaleiros, damas, bruxas e viaxes no tempo.

ONDE: AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE
ENTRADAS: A 6 € E 8 € EN ENTRADASLUGO.ES / BILLETEIRA / OFICINA DE TURISMO
PROMOVE: CONCELLERÍA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA



Alba Baneagas
Antonio Hernández
Sol López
Carlos Lorenzo
Diego Morales
Todas hieren y una mata
Una comedia de capa y espada de Álvaro Tato Dirección: Yayo Cáceres

CONCERTO DE "ILEGALES"

21:30 h. MÚSICA

ONDE: SALA TEBRAS
ENTRADAS: 14,50 € TICKETMASTER / BILLETEIRA

CONCERTO DE "MR. HATHAWAY" (TRIBUTO A AMY WINEHOUSE)

23:00 h. MÚSICA

ONDE: JAGERLOUNGE
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

MARZO 2020
PROGRAMA DO 12/03 AO 18/03

14 SÁBADO

PRESENTACIÓN DE "IRÁN A POR TI"

12:30 h. LIBROS

O autor Félix Soria estará acompañado polo xornalista Ernesto Sánchez Pombo.

ONDE: LIBRERÍA TRAMA
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

TALLER DIDÁCTICO "EXPLORAMOS A COR (I)"

17:00 h. TALLER

Taller baseado na exposición "Momentos" de Constantino Cuesta dirixido a nen@s de 8 a 12 anos. Luz, cor, material plástico e pintura para facer a súa pintura expresionista.

ONDE: MIHL
ENTRADAS: DE BALDE NO 982 297 446



SÁBADO 14 DE MARZO ÁS
17:00 H. NO MIHL
EXPLORAMOS A COR (I)
Na exposición "Momentos" de Tino Cuesta
Para nen@s de 8 a 12 anos
Inscripcións no 982297446

"LÁZARO DE TORMES"

18:30 h. TEATRO

A compañía Pedras de Cartón mostrará un espectáculo para toda a familia baseado no coñecido clásico da literatura, por primeira vez contado case sen palabras.

ONDE: AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE
ENTRADAS: 5 € EN ENTRADASLUGO.ES / BILLETEIRA / OFICINA DE TURISMO
PROMOVE: CONCELLERÍA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA



CONCERTO DE "XOANA E BANDA"

19:30 h. MÚSICA

Finalista na última edición dos "Premios de la Música Independiente (MIN)". O seu repertorio inclúe unha ampla variedade de estilos, con temas que transitan polo pop, rock, reague, funky e jazz, e letras en galego con mensaxe social.

ONDE: SALÓN DE ACTOS DA DEPUTACIÓN
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

#activandolugo

MARZO 2020
PROGRAMA DO 12/03 AO 18/03

15 DOMINGO

"MACBETH. O RUÍDO E A FURIA"

20:30 h. TEATRO

A obra de William Shakespeare por Estudo Momento coa adaptación en verso de Manuel Lourenzo. Baixo a dirección de Xoán Carlos Mejuto e Iria Ares.

ONDE: AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE
ENTRADAS: 6 € e 8 € EN ENTRADASLUGO.ES / BILLETEIRA / OFICINA DE TURISMO
PROMOVE: CONCELLERÍA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA



16 LUNS

CONCERTO DO "ENSEMBLE TRIFOLIUM"

20:00 h. MÚSICA

Organizado pola Sociedad Filarmónica de Lugo. Estrearán o seu recente disco adicado aos Cuartetos de Joao Pedro Almeida, quen foi Mestre de Capela na Catedral de Lugo de 1775 a 1783.

ONDE: CÍRCULO DAS ARTES
ENTRADAS: CÍRCULO DAS ARTES / DE BALDE PARA UNIVERSITARXS PREVIA RECOLLIDA NA VICERREITORÍA E PARA ESTUDANTES DO CONSERVATORIO CO CARNÉ

17 MARTES

"UNHA CUESTIÓN DE XÉNERO"

20:00 h. CINE

Biopic sobre a xuíza do Tribunal Supremo dos Estados Unidos Ruth Bader Ginsburg, a segunda muller na historia que serviu neste alto órgano xudicial.

ONDE: SEDE DE AFUNDACIÓN
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR CABIDA

18 MÉRCORES

"MUYAYO RIF + DAKIDARRÍA EN ACÚSTICO"

21:00 h. MÚSICA

Festa presentación do Festival SonRías Baixas.

ONDE: CLUB CLAVICÉMBALO
ENTRADAS: 12 € / 15 € SONRIASBAIXAS.INFO / BILLETEIRA

#activandolugo

CENTRO CULTURAL O VELLO CÁRCERE

Horario:

De domingo a mércores: 11:00 a 14:00 h. e 17:00 a 20:30 h.
De xoves a sábado: 11:00 a 14:00 h. e 17:00 a 22:30 h.

Entrada de balde.

Visitas guiadas de mércores a domingo ás 12:30 e ás 18:00 h. ou **posibilidade de visitas guiadas organizadas** de balde previa inscrición no 982 297 195 ou no mail:
vellocarcere@concellodelugo.org

Servizo de biblioteca de consulta de balde.

Espazo de lecer os sábados, domingos e festivos de 11:00 a 14:00 h. e de 17:30 a 20:30 h. Dirixido a nenas e nenos de 3 a 8 anos.

Exposicións actuais:

- "Camín de Madeira", de Inazio Abraio – Escultura – Ata o 07/04.
- "O Vello Cárcere da Guerra á Posguerra" – Sobre os presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra.
- "Elas" – A investigadora Aurora Marco reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos.
- "Serie Amarilla, 1195-2003", de Quessada – Pintura.

Redes sociais:

www.facebook.com/OVelloCarcere
www.twitter.com/o_vello_carcere
www.instagram.com/ovellocarcere

MIHL (MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO)

Horario (do 01/01 ao 31/05 – excepto Semana Santa):

De martes a venres de 10:00 a 13:30 h. e de 16:00 a 19:30 h.
Sábados, domingos e festivos de 10:00 a 14:00 h. e de 16:30 a 19:30 h.
Fechados os luns, excepto festivos.

Entrada de balde.

Para **visitas de grupos** hai que concertar cita por teléfono ou na Oficina Municipal de Turismo (Praza do Campo, 11).

Exposicións actuais:

- "Momentos" – Pintura – Constantino Cuesta, 40 obras fluctúan entre o expresionismo e o cubismo cunha linguaxe chea de cor e enerxía
- "De Lucus a Lugo" – Historia da cidade de Lugo desde a súa orixe romana.
- Na "Mediateca": vídeos en tres dimensións e dúas mesas táctiles con información interactiva sobre o Lugo Romano.
- "Visións de Lugo" – Pintura – Obras dos certames de Pintura Rápida de Lugo 2017-2018.
- "Desenterrar o Pasado" – Arqueoloxía – 30 anos de arqueoloxía urbana de Lugo. **Novidade: Sábados e domingos: Visita guiada ás 12:00 e 18:00 h. respectivamente con entrada de balde ata completar cabida.**

Redes sociais:

www.facebook.com/MuseoMihl
www.instagram.com/mihl_museo

PRAZA DA CONSTITUCIÓN S/N, 27002 LUGO
982 297 195
VELLOCARCERE@CONCELLODELUGO.ORG

MONTE FARO, S/N PARQUE DA MILAGROSA
(ANTIGO FRIGSA) 27003 LUGO
TF: 982 297 446

CINE EN LUGO

Do xoves 12/03 ao mércores 18/03 (a ter en conta: os venres é día das estreas).

CODEX CINEMA: Invisibles, A candidata perfecta, O que arde, Só nos queda bailar, First Love, E choveron pedras.

CINES CRISTAL: Onward, Lo mejor está por llegar, Bloodshot, Especiales, La llamada de lo salvaje, Sonic, Parásitos.

CINES YELMO: Onward, Lo mejor está por llegar, Bloodshot, Cuestión de justicia, El hombre invisible, The Gentlemen – Los señores de la mafia, La llamada de lo salvaje, Sonic, la película; Hasta que la boda nos separe, Parásitos, Adú, Corazón ardiente.

Consulta nas webs dos cinemas os horarios data a data.

LUGO - INFORMACIÓN CULTURAL
ACTIVIDADES E EVENTOS
CULTURAIS EN LUGO

CONCELLO DE LUGO
Concellería de Cultura,
Turismo e Promoción
da Lingua



MARZO 2020
PROGRAMA DO 12/03 AO 18/03

Marzo 2020

Auditorio Municipal
Gustavo Freire



MOSTRA
TEATRO
CLÁSICO
LUGO

MARZO 2020
 PROGRAMA DO 12/03 AO 18/03



Xoves
12
 20:30 h



MEDIDA POR MEDIDA

de William Shakespeare

PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCENTRICAS

Dirección:

Quico Cadaval

Intérpretes:

Evaristo Calvo
 María Coctas
 Melanía Cruz
 Víctor Mosqueira
 Josito Porto
 Santi Romay
 Patricia Vázquez

Duración:

110 minutos

★★★★★

Recomendada para
 maiores de 13 anos

Acontece nunha Viena surrealista inventada por Shakespeare. O mandatario Duque Vincenzo pasa á clandestinidade e manda aplicar con todo rigor a lei contra os comportamentos inmorais. Cae a lei por igual sobre o negocio do sexo e sobre a xuventude hedonista. Un rapaz de boa familia é condenado a morte. Isto obriga a Isabella, a súa irmá monxa, a abandonar o convento por tres días coa tentativa de salvar a vida do seu peccado irmán. Un mundo de vicio, perversidade e corrupción tentarán lixar a súa brancura virxinal. Palacios, cadeas e arrabaldos serán o labirinto que percorre Isabella na súa carreira contra a morte. Todo observado dende as sombras por un Duque Vincenzo irrecoñecible baixo o hábito de frade mendicante.



Venres
13
 20:30 h



TODAS HIEREN Y UNA MATA

de Rojas Zorrilla, versión Yolanda Pallín

AY TEATRO

Dirección:

Yayo Cáceres

Intérpretes:

Alba Banegas
 Antonio Hernández
 Sol López
 Carlos Lorenzo
 Diego Morales

Duración:

90 minutos

★★★★★

Sen descanso

O galán don Daniel e o seu criado Pico, perseguidos polo correxedor tras fuxir da casa da rapaza Aurora, atopan no bosque a unha bruxa que os salva cos seus feizos para viaxar polo tempo. Ao longo das súas viaxes temporais intentarán namorar a Aurora, que garda un secreto: é unha dama lectora cunha biblioteca enterrada no seu xardín. E trabucando o seu camiño máxico, criado e cabaleiro chegarán ao século XXI, onde unha misteriosa profesora lles axudará na súa aventura amorosa...



Sábado
14
 18:30 h



LÁZARO DE TORMES

anónimo

PEDRAS DE CARTÓN

Dirección:

Pablo Sánchez
 Laura Saracola

Intérpretes:

Xosé Manuel Esperante
 Xosé Vilarelle
 Juan Rodríguez

Duración:


60 minutos

★★★★★

Unha comedia
 sen palabras para
 gozar en familia

Pedras de Cartón presenta "LÁZARO de Tormes", un espectáculo baseado no coñecido clásico da literatura, por primeira vez contado case sen palabras. Un espectáculo para toda a familia narrado en clave de comedia a través dun coitado traballo de máscaras. No espectáculo dáse forma a cada unha das pasaxes máis coñecidas desta universal historia da picaresca española. Unha maneira de introducir o amor polo teatro clásico aos máis novos da casa.

Unha boa parte da crítica ve o Lazarillo de Tormes como unha das primeiras novelas modernas da literatura española. A súa modernidade reflíctese na evolución das personaxes ao longo de texto e no emprego de escenarios coñecidos polos lectores, situados nos arredores de Toledo e Salamanca. O Lazarillo de Tormes amosa tamén, unha realidade lonxana da sociedade ideal que nos descubrían os libros de cabaleirías, tan de moda a mediados do século XVI.



Domingo
15
 20:30 h



MACBETH. O RUÍDO E A FURIA

de William Shakespeare

ESTUDO MOMENTO

Dirección:

Xoán Carlos Mejuto
 Iria Ares

Intérpretes:

Xoán Carlos Mejuto
 Luis Igrella
 Iria Ares
 Carlos Sante
 David Perdomo

Duración:

100 minutos

★★★★★

Adaptación en verso
 de Manuel Lourenzo

Unha viaxe á chaira escocesa, neboenta e insegura. Tambores de guerra. Berros de barro. Versos de sangue, traizón e morte. Feiticeiras, retranqueiras e ministras do fado, manipuladoras dos máis bravos guerreiros. Un tempo eterno e circular do que ninguén volve xamais.

Volven os tempos escuros.
 Volven os tempos de Macbeth.



MOSTRA TEATRO CLÁSICO LUGO

Xoves, 12 de marzo
**MEDIDA
POR MEDIDA**
de William Shakespeare
PRODUCCIÓN TEATRAIS
EXCÉNTRICAS

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Venres, 13 de marzo
**TODAS HIEREN
Y UNA MATA**
de Álvaro Tato
AY TEATRO

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Venres, 6 de marzo
**AS BRUXAS
DE MACBETH**
de Antonio Álamo
ATALAYA TEATRO/CENTRO
INTERNACIONAL DE
INVESTIGACIÓN TEATRAL TNT

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Martes, 10 de marzo
**COMPLEXO
DE EDIPO**
de Quico Cadaval
PRODUCCIÓN TEATRAIS
EXCÉNTRICAS

O VELLO CÁRCERE

Sábado, 14 de marzo
**LÁZARO
DE TORMES**
anónimo
PEDRÁS DE CARTÓN

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Domingo, 15 de marzo
**MACBETH
O RÚIDO E
A FURIA**
de William Shakespeare
ESTUDO MOMENTO

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Xoves, 19 de marzo
CASA O'REI
de Santiago Cortegoso
IBUPROFENO TEATRO

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Venres, 20 de marzo
**ENTRE BOBOS
ANDA EL JUEGO**
de Rojas Zorrilla,
versión Yolanda Pallín
NOVIEMBRE TEATRO e
COMPAÑÍA NACIONAL DE
TEATRO CLÁSICO

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Sábado, 21 de marzo
**Y LOS SUEÑOS,
SUEÑOS SON**
de Calderón de la Barca
TROPOS, TEATRO
DE TITERES

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

Domingo, 22 de marzo
RICARDO III
de William Shakespeare,
versión libre de Miguel
del Arco e Antonio Rojano
EL PAVÓN
TEATRO KAMIKAZE

AUDITORIO MUNICIPAL
GUSTAVO FREIRE

BONOS Y ENTRADAS

BONOS (7 representacións):
ZONA A: 35 € · ZONA B: 26,25 €

ENTRADAS:
ZONA A: 8 €* · ZONA B: 6 €*

* Desconto do 37,5 % para persoas en paro, menores de 30 anos,
pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG:
ZONA A: 5 € ZONA B: 3,75 €

As dúas obras de público familiar, de Pedras de
Cartón e Tropos Teatro de Titeres, van ter un
prezo único de 5 € e non entrarán nos bonos.

A obra de Quico Cadaval, o Complexo de Edipo,
que se representará no Vello Cárcere, terá
entrada de balde ata completar a cabida.

SISTEMA DE VENDA

BONOS: Na **Oficina de Turismo**, praza do Campo, núm. 11,
ou a través do portal web **entradaslugo.es** ata o 5 de marzo.
Teléfono: **982 251 658**

ENTRADAS: A través do portal web **entradaslugo.es**
e na **Oficina de Turismo** ata 3 horas antes do comezo
de cada función; e no **Auditorio Municipal Gustavo
Freire**, o día da función, desde unha hora e
media antes do comezo do espectáculo.

* As persoas que adquiren entrada con desconto
deberán acreditarse na porta de acceso.

MÁIS INFORMACIÓN

Chamando ao teléfono do Concello, **010**,
ou ao **982 297 350** se chamas desde fóra de Lugo

IMPORTANTE: non se permitirá o acceso á sala unha
vez comezada a función, nin con comida e bebida.

Prohibese a toma de fotografías e gravación do espectáculo,
tanto no que se refire a son coma a imaxe, a excepción
dos medios gráficos previamente autorizados.



www.lugo.gal

LugoTurismo culturaturismolugo lugoturismo



Xoves
19
20:30 h

CASA O'REI

de Santiago Cortegoso

IBUPROFENO TEATRO

Dirección:
Santiago Cortegoso

Intérpretes:
Miguel Borines
Victoria Feijeiro
Marián Banchre
Raquel Espada
Victor Mogueira
Santiago Cortegoso
Xosé M. Esperante

Duración: 96 minutos

★★★★★

Un xogo escénico e dramático a partir do 'Rei Lear' de Shakespeare ambientado nunha casa de comidas galega

Manolo Rei, vello e enfermo, prepara un cocido e reúne a familia. A comida sempre é unha escusa. Desta vez para repartir a Casa entre as súas tres fillas. Pero o cocido saílle cargado de traizón e desprezo, intragable polo amargor dun mundo novo, acedo e descoñecido, que trae do estranxeiro unha morte preconxelada e adobiada con fel.

Unha vez que se ausenta o único nexo que mantíña unida a familia, todo se esfarea. Os principios morais volatilizanse. Non se respectan os pratos tradicionais, pero tampouco se respectan as relacións matrimoniais, nin se contenen os desexos sexuais. Todos os impulsos que estaban latentes decátanse ante a ausencia da autoridade que os contiña. Esta decadencia impregna os personaxes. Todos están frustrados. Todos querían outra vida.



Venres
20
20:30 h

ENTRE BOBOS ANDA EL JUEGO

de Rojas Zorrilla, versión Yolanda Pallín

NOVIEMBRE TEATRO e COMPANÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO

Dirección:
Eduardo Vasco

Intérpretes:
Arturo Querejeta
Isabel Rodas
José Ramón Iglesias
Rafael Ortiz
Manuel Pico
José Vicente Ramos
Elena Rayos
Antonio de Cos
Francisco Rojas

Duración:
85 minutos

Don Lucas del Cigaral é un cabaleiro podente, ridículo e desmedido que pretende casar con dona Isabel de Peralta, que así e todo quedou prendada de don Pedro, curmán de don Lucas e tan aposto como pobre. Ambos quedaron prendados nun encontro fortuito que tiveron antes de coñecerse e reencontranse porque o propio don Pedro é o encargado de realizar os primeiros contactos coa dama antes da voda e isto dá pé a que os namorados cultiven o seu amor de maneira intensa. Mentres tentan burlar a don Lucas, aparecen dous atracos imprevistos: outro galán, don Luis, que tamén pretende a Isabel e unha dama, dona Alfonso, irmá de don Lucas, que anda detrás de don Pedro...

O enredo está servido e a cargo de Cabellera, Carranza e Andrea, os criados que engraxarán o mecanismo desta obra, que transcorre practicamente nun camiño, con parada, fonda, nocturnidade e aleivocía; o mellor caldo de cultivo ideal para a comedia de enredo.

10.

11.



Sábado
21
18:30 h

Y LOS SUEÑOS, SUEÑOS SON

de Calderón de la Barca

TROPIS, TEATRO DE TITERES

Dirección:
Guillermo Gil Villanueva

Intérpretes:
Paco Ubeda
Guillermo Gil Villanueva

Duración:
60 minutos

★★★★★

Público familiar

Clotaido e Clarín vense sorprendidos polo público mentres botaban unha cabezadina agardando a hora da función.

Rapidamente dispostos e armados dos seus monicreques, estes cómicos e anciáns narradores, irannos contado a historia de Sexismundo, pechado nunha torre porque as estrelas predixeron que sería un rei malvado e cruel. Pero seica é xusto pechar a un home polo que ditan as estrelas? Pola súa lingua, a súa cor, pola súa raza, polo que pode chegar a facer cén ter feito nada?

Por iso, o seu pai, o rei Basilio, decide sacalo da torre e poñelo a proba. Poñerá no trono e se é capaz de vencer o seu destino, será rei. Se non é capaz... volverá a pechar. Pero... pódese agardar dun home que sexa xusto e nunca ninguén lle ensinou o que era a piedade e o amor? Cumprírase acaso o vaticinio das estrelas?



Domingo
22
20:30 h

RICARDO III

de William Shakespeare,
versión libre de Miguel del Arco e Antonio Rojano

EL PAVÓN TEATRO KAMIKAZE

Dirección:
Miguel del Arco

Intérpretes:
Álvaro Bagueña
Clemente del Barco
Israel Elejalde
Alejandro Jato
Verónica Ronda
Cristóbal Suárez
Manuela Velasco

Duración:
120 minutos

★★★★★

Premio Nacional de Teatro 2017

Que serán os malos que nos gusta miralos? Que morbo se decata en nós como espectadores do mal? Qué é o que fai que xeración tras xeración Ricardo III sexa unha presenza permanente sobre os nosos escenarios?

Ricardo III é unha función pragada de envexas, corrupción dunha e outra cor, loitas de poder, cobiza, injustiza, fake news, enganos políticos, intereses partidistas... Ben, o que vén sendo un día normal na vida pública española do século XXI. Miguel del Arco e Antonio Rojano adaptan libremente ao noso tempo este clásico de Shakespeare nunha versión libre –ou sería máis exacto chamarlle reescritura?– dirixida por Del Arco que lle confire máis entidade ás personaxes que rodean a Ricardo e potencia algo moi presente no orixinal: a comedia.

Ricardo arranca gargalladas, pero a riza ten un regusto xelado porque o seu humor é o mesmo ca o deca clase dirixente que mira sen empatía ningunha o mundo que pretende gobernar. O humor sobre o que se constrúe un mundo sen asomo de bondade.

12.

13.

LUGO CULTURAL

Programación Cultural * 2020

MÚSICAS A CARÓN
DA MOSQUEIRA

CASA DO SABER ÁS 20:00 HORAS
(AGÁS O 11 DE MAIO: CÍRCULO
DAS ARTES, ÁS 20:30 HORAS)
ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

- 10 de febreiro: Cuarteto Óscar Espiá, de Asisa
- 23 marzo: Inés Moreno, clave
- 13 abril: Luis Alejandro García, guitarra
- 11 de maio: Cora Universidade de Santiago de Compostela
- 18 de maio: Trio Schola, clarinete, violonchelo e piano

NOITES NA DOMUS

Visitas guiadas co arqueólogo Celso Rodríguez Cao + música en directo.

Dous poses (20:30 e 21:45 horas). Entrada gratuíta. Recollida de entradas (2 por persoas) o día anterior ao evento, de 9:00 a 14:00 horas na Oficina de Cultura da USC. Capacidade limitada a 22 persoas por pose.

- 13 de marzo e 3 abril: Germán Díaz
- 15 de maio: Sólo Voces

NA CALZADA

CASA DO SABER ÁS 20:00 HORAS
ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

- 17 de febreiro: Aida Saco (piano). Ronseis do tempo
- 9 de marzo: Hit the Beat "Música entre amigos"
- 27 de abril: "A historia a través da música" Silvia Ouro (saxo), Marta García (tuba), Álvaro Gay (batería)
- 25 de maio: Son de Corda. Piano e voces.

Director Fernando Jácome

LUBICÁN

21:00 HORAS
ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

- 27 de febreiro: Wbyza presentación Tábula Rasa. Círculo das Artes
- 12 de marzo: MJ Pérez presentación A luz prendida. Círculo das Artes
- 23 de abril: Agoraphobia presentación Unaligned. Praza de Santa María (en casa de choiva, Círculo das Artes)
- 28 de maio: Best Boy. Praza de Santa María (en caso de choiva, Facultade de Veterinaria)

LUBICÁN ÍNTIMO

21:00 HORAS

- 14 de febreiro: Pablo Sanmamed Trio presentación 16/04. Casa do Saber
- 6 de marzo: Rafa Fernández Presentación de A cara bonita da pedra. Casa do Saber

XOVES DE MODA

21:00 HORAS

- 13 de febreiro: Ada ou contar de memoria unha novela de Nabokov Maria Roja+Maria Chiginskaya. Casa do Saber
- 5 de marzo: "Plástica&Sonora Diálogo entre a música e a creación escénica contemporánea": Marta Pazos e Hugo Torres. Casa do Saber
- 16 de abril: Telémaco, gravación en directo de Lume. O Vello Cárcere
- 7 de maio: "Colapso Jam" Lctrc (Dj), Cha (síntese modular), M8 (Live cinema analóxico) e Xoán-Xil López (especialización sonora). Vestíbulo Auditorio da Facultade de Veterinaria

ENCONTRO
UNIVERSITARIO
DE DANZA

27 E 28 DE MARZO.
VELLO CÁRCERE ÁS 20:30 HORAS

Compañía Independente da USC
Compañía Sen Vergoña da USC (IV Ciclo)
Compañía USCpostela
Compañía USC-Lugo
Aula de Danza NORMAL da UDC

FESTIVAL DE TEATRO
UNIVERSITARIO

DO 27 AO 31 DE MARZO
AUDITORIO GUSTAVO FREIRE
ÁS 20:30 HORAS

- 27 de marzo: Intervención polo Día Internacional do Teatro. Grupos de Lugo. Fondo Praza Maior ás 20:00 horas
- 28 de marzo: Compañía teatro USC Lugo: "Ubú Rei" de Alfred Jarry
- 29 de marzo: Mosaico ás 18:00 horas no Vestíbulo. Teatro El Mayal León: "(212) Medea" de Víctor M. Díez ás 19:30 horas
- 30 de marzo: Aula de teatro Ourense Grupo Maricastaña: "Imperator" de Fernando Docosta
- 31 de marzo: Compañía teatro USC Santiago: "En inverno non vai tempo para ir á praia pero ti insistiches en ir e facer un pic-nic" de Roberto Salgueiro

FINDECURTA

DO 24 AO 27 DE ABRIL. PROXECCIÓN E ENTREGA 29 DE MAIO ÁS 22:30 HORAS

SONS CREATIVOS

DO 29 AO 31 DE MAIO.
CASA DO SABER ÁS 20:00 HORAS.

CURSO DE
PRIMAVERA

3ª SEMANA DE MAIO

2º CERTAME DE
VIDEOCREACIÓN

NOVEMBRO

MARATÓN
FOTOGRAFICO

DO CAMPUS

NOVEMBRO

LUGOCULTURAL

26 FESTIVAL
DE TEATRO
UNIVERSITARIO

marzo • 2020

FESTIVAL DE
TEATRO UNIVERSITARIODO 27 AO 31 DE MARZO
AUDITORIO GUSTAVO FREIRE
ÁS 20:30 HORAS

- **28 de marzo:** Compañía teatro USC Lugo: "Ubú Rei" de Alfred Jarry (Día 27 Pase Institutos 12:00 horas previa inscrición)
- **29 de marzo:** Teatro El Mayal León "(212) Medea" de Víctor M. Díez ás 19:30 horas
- **30 de marzo:** Maricastaña Aula de teatro Ourense: "Imperator" de Fernando Dacosta
- **31 de marzo:** Compañía teatro USC Santiago "En inverno non vai tempo para ir á praia pero ti insistiches en ir e facer un pic-nic" de Roberto Salgueiro

DÍA INTERNACIONAL
DO TEATRO20:00 HORAS
FONDO PRAZA MAIOR

- **27 de marzo** Intervención na rúa dos teatreiros e teatreiras de Lugo e Lectura do Manifesto: Achádego, Pincharcarreiro, Grupo de Teatro Hospital de Lugo (HULA), Sinovas Teatro, Escola Palimoco Teatro Danza, Palimoquiños, Aula Teatro USC Lugo, Vaites Vaites Teatro, Teatro Círculo das Artes, Compañía Down Lugo, Curuxan, Nova Escena

MOSAICO

O alumnado de escolas de Arte Dramático poderán presentar miniproxectos ao Festival que se farán no Vestíbulo do Gustavo Freire o día 29 ás 18:00 horas

Tempo 15 minutos máximo, mínimo 10 minutos
Mandar proxecto antes do 20 de marzo a cultura.lugo@usc.es

Máis información no mesmo correo e a través do número 982821513

Entrada gratuíta


**MARZO**

Jueves 19, 12:00 h
Celebración do Día do Pai

Teatro con Escola Palimoco
Ofrenda floral a todos os país

Domingo 29, 17:30 h
Faladoiro de domingo

Achádego Teatro
Dedicado a arquitectos e canteiros

**ABRIL**

Domingo 26, 17:30 h
Faladoiro de domingo

Achádego Teatro
Dedicado a pintoras e pintores

**MAIO**

Domingo 3, 12:00 h
Celebración do Día da Nai

Teatro con Escola Palimoco
Ofrenda floral a todas as nais

Domingo 31, 17:30 h
Faladoiro de domingo

Achádego Teatro
Dedicado a escritoras e escritores

**XUÑO**

Venres 3, 21:00 h
Intervención teatral no Cemiterio

Escola Palimoco
Fragmentos da vida de Lorca

Data sin determinar
Concerto de música clásica

Domingo 21, 21:00 h
Visita nocturna ao Cemiterio
Roteiro polas tumbas dos
persoeiros ilustres

Achádego Teatro



Animación á lectura e contacontos

Febreiro | abril 2020



Biblioteca Municipal

Isidro Novo
Parque da Milagrosa

Presentamos unha nova programación de animación á lectura para os primeiros meses do ano con actividades pensadas para achegar ás e aos máis pequenos á biblioteca, ao mundo da lectura e aos contos; prestando, ademais, especial atención ao fomento da igualdade de xénero.

A entrada a todas elas é gratuíta, pero é necesario retirar unha tarxeta de invitación. Estarán dispoñibles na biblioteca a partir do luns da semana da actuación correspondente. Comezarán a entregarse en horario de tarde, dende as 16:30 horas, e por estrita orde de chegada (máximo dúas invitacións por persoa).

É importante que vos fixedes nas idades ás que vai destinada cada sesión.



#ActivandoLugo

Mércores, 26 de febreiro ás 18:30 horas

ELECTRA MENÉNDEZ MUÑOZ
"A galiña dos ovos de conto"

Idades: a partir de 3 anos
Número de asistentes: máximo 20
Duración: 75 minutos

Retirada de invitacións a partir do luns,
día 24 de febreiro.

Os ovos da galiña Rosiña son ovos de conto, e vén á biblioteca cargada cunha ducia. Actividade creativa que xunta literatura e plástica, na que as nenas e nenos realizarán bonecos das personaxes dun conto que inventarán coa axuda de Rosiña.

Mércores, 4 de marzo ás 18:30 horas

XERARDO QUINTIÁ "O País do Gran Furado"

Idades: a partir de 5 anos
Número de asistentes: máximo 20
Duración: 45 minutos

Retirada de invitacións a partir do luns, día 2 de marzo. Na semana do 8 de marzo celebramos o Día da Muller con Xerardo Quintiá, autor de O País do Gran Furado, obra gañadora do II Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade (2019). Poesía, música e plástica para reflexionar sobre a mensaxe da súa obra.

Mércores, 11 de marzo ás 18:30 horas

CHARO PITA "A pitiña Cocoricó"

Idades: de 8 meses a 3 anos
Número de asistentes: máximo 20
Duración: 35 minutos

Retirada de invitacións a partir do luns, día 9 de marzo. O arco da vella desapareceu e a lúa está triste. Só a pitiña Cocoricó, que acaba de saír do ovo, se atreve a ir na súa procura. Contos, cancións e xogos para as e os máis cativos acompañados por unha persoa adulta.

Xoves, 26 de marzo ás 18:30 horas

TRÉCOLA TEATRO "Sen medo"

Idades: a partir de 4 anos
Número de asistentes: máximo 40
Duración: 35 minutos

Retirada de invitacións a partir do luns, día 23 de marzo. Dúas coidadoras dun parque natural contan as historias dos pingüíns Roi e Silo, que queren ser pais, e das tartarugas namoradas Clementina e Artur. Tamén falarán de mulleres que loitaron polos seus soños e puxeron un valioso gran de area na historia do feminismo.

Xoves, 16 de abril ás 18:30 horas

PAVÍS PAVÓS "Historias da marquesa"

Idades: a partir de 4 anos
Número de asistentes: máximo 40
Duración: 50 minutos

Retirada de invitacións a partir do luns, día 13 de abril. Historia da Señora Marquesa, unha viaxeira infatigable que cando se xubilou nos deixou un agasallo fantástico: a súa maleta, unha maleta encantada cargada de bruxas, trasnos, apócemas máxicas...

Xoves, 23 de abril ás 18:30 horas

OS CONTOS DE PABLÍSIMO "Principas e princesos"

Idades: a partir de 4 anos
Número de asistentes: máximo 40
Duración: 50 minutos

Retirada de invitacións a partir do luns, día 20 de abril. Faise saber que se buscan príncipes rosas e princesas azuis! Faise saber que ides escoitar contos de valentas princesas enfrontándose a dragóns ou de príncipes que lavan a roupa! Son contos de principas e princesos: unha divertida reflexión sobre a igualdade.

Clubes de lectura no Vello Cárcere



O VELLO
CÁRCERE
CENTRO SOCIOCULTURAL



Apúntate!

Concello de Lugo
Área de Cultura, Turismo
e Promoción da Lingua

SÁBADOS DE 12:00 A 13:00 HORAS

"OS RATIÑOS DA BIBLIOTECA"

Para nenas e nenos de 8 a 10 anos.
Lecturas de clásicos da literatura infantil e
xuvenil.

Datas: 28/03, 2 e 23/05, 13/06,
4 e 25/07 e 15/08.

"O FEMINISMO: TRES SÉCULOS DE HISTORIA"

Para público adulto.
Obras claves do feminismo.

Datas: 14/03, 18/04, 9 e 30/05, 20/06,
11/07 e 1 e 22/08.

"A MEMORIA HISTÓRICA A TRAVÉS DA BANDA DESEÑADA"

Analizará algúns aspectos fundamentais
da guerra civil e da ditadura franquista a
través de distintos exemplares únicos da
banda deseñada.

Datas: 21/03, 25/04, 16/05, 6 e 27/06,
18/07 e 8 e 29/08.

A participación será gratuíta e as persoas interesadas deberán inscribirse no 982 297 195
ou no correo electrónico vellocarcere@concellodelugo.org

CIRCUÍTO GALEGO DE *Teatro Amador 2020*

FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECCIONADO

AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE
Parque da Milagrosa, Av. de A Coruña, s/n
Lugo

7 de marzo ás 20.00 H TEATRO ANTAS DE ULLA UN CABARET DO MAÍS NORMAL TODOS OS PÚBLICOS	18 de abril ás 20.00 H MAX TEATRO OS LIOS DO TAXISTA TODOS OS PÚBLICOS	23 de maio ás 20.00 H ATREZO TEATRO CHICAGO KILLERS TODOS OS PÚBLICOS	31 de maio ás 20.00 H AXÓUXERE TEATRO A TÚA TERNURA MOLOTOV PÚBLICO +14 anos
--	--	---	--








PROGRAMACIÓN LUGO EN DANZA 2020

10_XANEIRO 20.30h Gustavo Freire
Janet Novás//Mercedes
máis eu

7 FEBREIRO 19.00h Gustavo Freire
Traspediante// Up2Down

7_MARZO 20.00h MIHL
3 pezas curtas// Beatriz del Monte, Colectivo Glovo
e Alba Cotelo

3_ABRIL 20.30h Gustavo Freire
Diego M. Buceta//As
vacacións máis longas

24_ABRIL 20.30h Gustavo Freire
Nova Galega de Danza// Leira

29_MAIO 20.30h MILH
ANDRÉS CORCHERO



AREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

CINE

MARZO DE MULLER 2020

O Club Cultural Valle-Inclán programa o ciclo de cine "Marzo de Muller 2020" no que se poderán ver tres películas nas que a muller é protagonista.

12 de marzo

"LA INOCENCIA"

de Lucía Alemany, España, 2019. VOSE

30 de marzo

"REFUGIADO"

de Diego LermZan, Argentina, 2014. VOE

Proxeccións no Salón de Actos do Pazo de San Marcos,
en sesión de 19:30 horas.

Entrada libre e de balde ata completar aforo.

Información cultural elaborada o mércores 12/03. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.

Envía o teu evento cultural por privado ás nosas redes para saír a próxima semana:

www.facebook.com/LugoTurismo

www.instagram.com/culturaturismolugo

www.twitter.com/LugoTurismo

Coa cultura en Lugo:



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo
e Promoción da lingua